

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Relixión católica	1º Bac.	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introdución

A finalidade da educación é contribuir a que o alumnado acade un desenvolvemento pleno e integral da súa personalidade. Non podería existir unha formación integral e unha educación completa e de calidade, se non se permite o desenvolvemento de todas as dimensións do ser humano, unha das cales é a relixiosa.

O deseño desta programación enmárcase nun modelo educativo de tipo constructivista, que entende a educación como un proceso que pon ás/os alumnas/os en condición de revisar, modificar e reconstruír as súas categorías e estruturas mentais, para reinterpretar e reconstruír significativamente a realidade.

Trataremos de ter presente a realidade do noso alumnado: Cunha formación sociocultural media-baixa. No eido relixioso as más das veces teñen unha fe herdada, rutinaria e monótona nas prácticas relixiosas, que ó mellor lles serviu de nenos, pero que agora ou lles é indiferente? ou empezan a cuestionar.

Pretendemos que, mediante a adquisición dunha serie de coñecementos, competencias, destrezas, valores e actitudes, o alumnado desenvolva a súa capacidade reflexivo-crítica, e sexan críticos, responsables e comprometidos coa realidade que os rodea

Dende a área de Relixión pretendemos facer un aporte á dimensión do SABER, pero sen esquecer e fortalecendo e potenciando sobre todo a dimensión do SER.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándolas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional.	1-3			1-4	11-12-31-40-50		2-3	31
OBX2 - Recoñecer e despregar o carácter relacional do ser humano, como fundamento dos deberes e liberdades, desenvolvendo actitudes cívicas e democráticas, contrastando o Evanxeo con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, para aprender a vivir con outros e contribuír á construcción dunha sociedade inclusiva.	2-5	3	5	3	20-32	1-2-4	1	
OBX3 - Interpretar os desafíos democráticos, socioeconómicos e ecolóxicos, analizando as súas causas e consecuencias desde a moral social da Iglesia, discernindo as propostas sociopolíticas das relixións e os movementos sociais, para asumir a ecoloxía integral e a responsabilidade persoal e social no coidado da vida e do planeta.	1-5		3	1	20-32	3-4	1	31-42
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural, interpretando o seu significado e expresións cos métodos de análises propias de cada disciplina, valorando criticamente as achegas do cristianismo no desenvolvemento dos pobos, para intervir con criterio propio no diálogo intercultural, a creación artística e na construcción social do pensamento.	4	3	2-3			3		1-2-32-41-42

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX5 - Valorar a dimensión espiritual como fonte de sentido e aprendizaxes vitais, a través da análise das experiencias persoais, do coñecemento das tradicións espirituais, e do diálogo interdisciplinar con outras visións da vida e do mundo, para descubrir as oportunidades persoais, sociais e culturais da experiencia espiritual como proposta de plenitude da vida persoal e comunitaria.	1				11-20-40	3	2	1-31-41
OBX6 - Coñecer o método propio da Teoloxía e as súas distintas especialidades analizando o seu lugar entre os saberes e disciplinas, establecendo un diálogo transdisciplinar coas outras ciencias, para afrontar criticamente os desafíos éticos e a transformación social.	2-3		4	1	31-40-50	1-4	3	1

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	O sentido da vida para a persoa e a súa identidade. identidade.		25	8	X		
2	A Razón, a ciencia e a Fe.		25	6		X	
3	A doutrina social da Igrexa(DSI)		25	12		X	X
4	A Igrexa xeradora de cultura.		25	9	X		X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	O sentido da vida para a persoa e a súa identidade. identidade.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitudo, etc.) e doutras cosmovisións.	Reflexiona sobre acontecementos, imaxes, novas... e emite xuízos de valor sobre a necesidade de atopar sentido á vida	PE	75
CA1.9 - Identificar a dimensión espiritual da persoa e a diversidade do feito relixioso, valorándoas como unha realidade presente nas culturas que se expresan de diferentes formas nas sociedades plurais.	Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan os humanismos e as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiana		
CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propostas filosóficas diversas.	Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas e de sentido que amosan as relixións, descubrindo e valorando a especificidade da resposta cristiana		
CA1.6 - Deseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Adquire capacidade de reflexión crítica ante novas, comportamentos e actitudes respecto á dignidade das persoas, as relacións sociais e o respecto, coidado e defensa da vida e da natureza	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Obxectivos vitais, desenvolvemento da vocación persoal e proxecto profesional.</li> <li>- A experiencia do encontro con Deus ao longo da historia como fonte de desenvolvemento pleno do humano.</li> <li>- Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal.</li> <li>- A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá.</li> <li>- A concepción do ser humano noutras cosmovisións filosóficas e relixiosas, en diálogo coa teoloxía cristiá das relixións.</li> <li>- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional.</li> <li>- Achegas da experiencia relixiosa cristiá para unha vida con sentido en diálogo con outros paradigmas.</li> <li>- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- Fenomenoloxía da experiencia relixiosa: elementos propios e diferenzas do cristianismo con outras tradicións filosóficas e relixiosas.</li> <li>- Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria.</li> <li>- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.</li> <li>- Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena.</li> <li>- Experiencia espiritual e relixiosa en figuras históricas de distintas tradicións relixiosas e culturais.</li> </ul>

## Contidos

- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A Razón, a ciencia e a Fe.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitude, etc.) e doutras cosmovisións.	Aporta argumentos para defender racionalmente a súa fe e creenzas	PE	50
CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas.	Identifica diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método	TI	50
CA1.6 - Deseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Analiza casos e debate, de forma razonada, sobre situacións de "conflicto" entre razón e fe		
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Descubre a colaboración que pode haber entre razón e fe se ambas se respetan		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.
- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.
- Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina.
- Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade.
- Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía.

## Contidos

- Inserirse criticamente na sociedade.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

UD	Título da UD	Duración
3	A doutrina social da Igrexa(DSI)	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitudo, etc.) e doutras cosmovisións.	Identifica problemas sociais e analiza a resposta que a Doutrina Social da Igrexa deu ós mesmos analizando os seus documentos	PE	40
CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándoos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándoos a diferentes situacións sociais.	Analiza os principais documentos da DSI descubrindo os principios fundamentais da mesma e valora a aplicación deses principios		
CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos	TI	60
CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		
CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles solucións á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións.	Comprende o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplicaos a situacións concretas		
CA1.6 - Deseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Identifica problemas sociais da contorna e intenta implicarse e colaborar na búsqueda de solución dos mesmos		
CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración.	Valora as aportacións que dende os diferentes ámbitos (político, relixioso, científico,...) se da á solución dos problemas sociais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.

## Contidos

- Proxectos persoais e profesionais, na vida eclesial e social, desenvoltos en clave vocacional.
- A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa.
- Estratexias para o diálogo transdisciplinar e síntese persoal como aprendizaxe ao longo da vida
- Diálogo fe-razón e fe-cultura.
- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.
- Principios fundamentais da doutrina social da Iglesia (DSI).
- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecológicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.
- As relacóns da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.
- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
- Proxectos sociais e de promoción humana da Iglesia, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.
- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A Igrexa xeradora de cultura.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.7 - Valorar e admirar as diversas expresións históricas do patrimonio común da humanidade, analizando como o cristianismo se ha integrado na historia, con luces e sombras, impregnando a cultura.	Apreciar e valorar as manifestacións relixiosas da contorna. Informándose sobre a súa historia, tradición e desenvolvemento	PE	25
CA1.1 - Identificar e interpretar as ideas e crenzas que conforman a identidade persoal, contrastándoas con categorías fundamentais da antropoloxía cristiá (creación, imaxe de Deus, liberdade, pecado, finitudo, etc.) e doutras cosmovisións.	Recoñecer a influencia do contorno socio/relixiosos na nosa configuración personal	TI	75
CA1.6 - Deseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Participar activamente na creación cultural con sentido crítico, desenvolvendo sentimientos de pertenza á propia tradición e construíndo a diversidade cultural desde criterios humanizadores propios do Evanxeo.	Apreciar, valorar e respectar as manifestacións relixiosas da contorna, participando activamente		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián.</li> <li>- Sentido artístico e creatividade no diálogo fe-cultura</li> <li>- Diálogo fe-razón e fe-cultura.</li> <li>- As manifestacións sociais e culturais como expresión dos valores e crenzas da identidade dos pobos.</li> <li>- O cristianismo e a súa expresión artística na música, a literatura e as artes.</li> <li>- Habilidades para a análise e a contemplación de obras de arte sobre relatos bíblicos, historia da salvación e vida de Xesucristo.</li> <li>- Recoñecemento crítico na contorna social e cultural de manifestacións da dimensión espiritual da persoa.</li> <li>- Inserirse criticamente na sociedade.</li> <li>- Actitudes de diálogo e colaboración con outras relixións e culturas que posibiliten unha convivencia pacífica e tolerante entre as distintas tradicións.</li> <li>- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As seguintes orientacións metodolóxicas xiran en torno a dous eixes:

1. Fidelidade e respecto ao alumnado, protagonista da educación.

2. Fidelidade á mensaxe e ós contidos da educación relixiosa cristiá católica.

Seguimos o modelo que emana da concepción constructivista da aprendizaxe. Así, temos en conta os seguintes criterios:

a. O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade.

b. O que empeza unha nova aprendizaxe, faino a partir dos coñecementos que posúe.

c. O que aprende faino establecendo relacións entre os seus esquemas mentais e os estímulos externos. Só así se logra unha aprendizaxe significativa.

Non esquecerémo-la importancia formativa que ten o traballo en grupo, indispensable para potencia-la dimensión social e comunitaria do alumnado.

Utilizaremos distintas linguaxes relixiosas: bíblica, doutrinal, litúrxica, testemuñal, para familiarizar ó alumnado con elas e responda con propiedade á utilización das mesmas.

Fomentaremos a interdisciplinariedade e a complementariedade.

O máis importante será o traballo do alumnado, de aí a importancia que daremos ó caderno de actividades e ós seus traballos, individuais e grupais. Calificaremos moi positivamente o traballo que o alumnado realice fora das horas de clase e dun xeito voluntario: Lectura-recensión de libros de lectura complementarios, realización de pequenos traballos sobre aspectos e temas a tratar.

Non pretendemos que o alumnado aprenda de memoria uns cantos conceptos; debe ter claras as nocións básicas e adquirir uns coñecementos teóricos básicos, pero sobre todo pretendemos que poña en xogo o saber adquirido nas situacións que a vida (familia, xogo, amizades, colexiño, sociedade) lle plantexa.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenadores
Películas
Fichas, esquemas, documentos de apoio
Vídeos de apoio sobre diferentes temas

## 5.1. Procedemento para a avaliação inicial

Facer preguntas con respostas sinxelas, sobre os temas que imos desenvolver ó longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, descubra os acertos e os erros que ten e a partir de aí vaian correxindo ou confirmando as súas ideas

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliação por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	75	50	40	25	<b>48</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	25	50	60	75	<b>52</b>

### Criterios de cualificación:

- Observación sistemática. Observación da actitude, interese e participación manifestados polo alumnado ante as tarefas plantexadas na aula. Observación do respecto aos compañeiros/as, ao profesor e aos materiais propios e alleos.
- Traballo individual. Producións do alumnado na aula e fóra dela, recollidas nun caderno de clase . Presentación en soporte papel ou informático (correo electrónico....)
- Traballo en grupo. Realización e exposición de actividades en grupo.
- Probas orais. Valoración da implicación e participación nos temas desenvolvidos na aula: Creatividade e investigación persoal, respecto no diálogo, nas quendas de palabra e na opinión dos demás
- Probas escritas. Probas tipo test e cuestionarios (Verdadeiro / falso, encher espazos en branco, aparellar, selección múltiple,...).

O peso específico na cualificación, de cada proba e instrumento de avaliação será como segue:

20% Traballo individual. Traballo diario na aula e fóra dela (caderno, traballos, ...)

50% Probas escritas.

10% Traballos en grupo.

20% Participación na aula, actitude, comportamento, respecto...

#### **Criterios de recuperación:**

A avaliación será contínua, polo tanto cada avaliación parcial non superada, quedará superada se aproba a seguinte. No caso de rematar as avaliacións ordinarias coa materia suspensa, no período que vai entre a 3<sup>a</sup> avaliación e a ordinaria final, deseñaremos actividades concretas, individualizadas, para ese alumnado, buscando que recupere e supere a materia.

#### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso non procede este apartado, xa que as materias pendentes da ESO non se teñen en conta no Bacharelato

#### **6. Medidas de atención á diversidade**

Procuraremos ter en conta a individualidade do alumnado, adaptando estratexias, recursos, espazos e tempos empregados na aula, atendendo ós diferentes ritmos de aprendizaxe

No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles.

#### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a sostenibilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.9 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Nadal solidario	Animar ao alumnado a que participe cos seus pais na compra de alimentos para o Banco de alimentos.	X		

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Desenvolvemento da Programación
Clima de traballo na aula
Avaliación

### Descripción:

Cumprimento da programación. Variacións/modificacións introducidas na mesma ó longo do curso. Resultados da avaliación. Promoción do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguemento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguemento permitirános confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso

## 9. Outros apartados